

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

ISSN: 1138-9664

<http://dx.doi.org/10.5209/madr.73095>EDICIONES
COMPLUTENSE

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO (ed.) (2019): *Follas Novas. Revista de Estudos Rosalianos*, nº 4. Padrón: Fundación Rosalía de Castro, 223 pp.

A revista *Follas novas. Revista de estudos rosalianos* que a Fundación Rosalía de Castro pon a disposición dos investigadores e outro tipo de escritores chega ao número 4, para ledicia da cultura galega e lecer dos seus lectores.

Este número coincide cos fastos do ano dedicado a don Ricardo Carballo Calero pola Real Academia Galega. A el se dedica, pois, coma homenaxe sincera e agradecida, este estupendo número da revista destinada a enxalzar a Rosalía de Castro, da que el foi e segue a ser un dos principais investigadores e valedores. Así que nesta ocasión a revista ten dous focos: Rosalía e don Ricardo.

Follas novas mantén desde os seus inicios unha estrutura en seis apartados que procuran recoller a investigación e creación que se vai facendo arredor de Rosalía e o seu entorno familiar, social, histórico e especialmente a súa obra.

Nesta ocasión, o apartado “Artigos” está integrado por seis estudos interesantes e rigorosos no seu desenvolvemento. Abre esta sección un traballo de Anxo Angueira Viturro que nos presenta unha carta inédita de Rosalía: “Sen agardar a Murguía. Carta inédita de Rosalía de Castro a José Villaamil”. Reprodúcese o autor o breve texto, feito moi destacable se pensamos no escaso número de cartas e de manuscritos conservados de Rosalía. O destinatario da carta é Don José Villaamil y Castro, intelectual relacionado con Murguía co que mantivo unha intensa correspondencia, especialmente entre 1865 e 1867. Analizando a correspondencia con Murguía, Angueira chega á conclusión de que a carta é, probablemente, do ano 1865. O escrito consiste na resposta a unha pregunta dirixida en realidade a Murguía pero que contesta Rosalía. O editor da carta analiza en profundidade os temas que esta suscita a pesar da súa brevidade, a relación de Rosalía co teatro e o asunto da consulta: os usos composteláns sobre o modo de tocarse para ir

ao teatro, con sombreiro, con mantilla ou a pelo, cuestión que non era banal naquela altura, pois entra plenamente nunha controversia que sobre isto se deu ao longo do século XIX en España. Complétase a documentada presentación cunha pertinente bibliografía e a reprodución do manuscrito rosaliano.

Pablo Carou Barros, en “José Villaamil y Castro e a paixón pola cultura galega” escribe un traballo sobre este persoeiro, destinatario da citada carta de Rosalía. Carou sintetiza a vida e formación desta interesante personalidade que foi sobre todo un importante historiador da nosa arte que utilizou métodos modernos de análise nas súas numerosas investigacións centradas especialmente en Galicia. Dános unha visión da súa produción científica e de como foron evolucionando os seus intereses. Destaca Pablo Carou que a súa obra está desvinculada de toda intencionalidade política. Interesoulle especialmente a arte medieval e a súa obra axudou na formación dunha metodoloxía científica. Tamén se interesou pola conservación e recuperación do noso patrimonio. Na parte final do seu artigo fálanos Carou da relación deste autor con Murguía. O traballo desenvólvese cun abundante número de notas, ben de referencia documental, ben de aclaracións diversas do texto, e complétase cunha aquilatada bibliografía. Parécenos moi pertinente a presenza neste número da revista deste traballo que contribúe a completar a nosa información sobre o destinatario da nova carta de Rosalía.

En “Arredor de Rosalía: notas sobre as escritoras nas orixes do Rexurdimento” Teresa López regálanos un documentado estudo sobre as autoras que acompañaron a Rosalía no despegar da escritura feminina desde os momentos iniciais do Rexurdimento. A irrupción de obra firmada por mulleres debe poñerse en relación coa evolución da sociedade no século XIX, a aparición de novos ámbitos para a expresión literaria, especialmente a prensa, e tamén a

aparición dun público lector feminino, procurado polos empresarios editores para consolidar o éxito das súas publicacións. O acceso das mulleres á educación vai avanzando e produce o incremento non só de lectoras senón tamén de escritoras. Isto dáse especialmente a partir da década dos 40 e a autora deste traballo vai presentándonos e analizando a presenza feminina na escrita durante esa década e as dúas seguintes. Móstranos como o galeguismo naquela altura, en xeral liberal e progresista, favoreceu a participación das mulleres na actividade literaria e como os principais persoeiros procuraron integralas no seu movemento literario. Analiza Teresa López detalladamente as firmas femininas nas tres décadas citadas, mostrando como algunhas son de presenza esporádica pero hai outras autoras cuxas firmas permanecen no tempo. As publicacións en que aparecen as firmas femininas están vinculadas ao galeguismo. Na década dos corenta destacamos a Manuela Cambronero que terá longa traxectoria e a Gertrudis Gómez de Avellaneda. Nos anos cincuenta vemos xa a firma de Rosalía. Nos sesenta son numerosas as escritoras, como Rosalía ou Concepción Arenal. Rosalía destaca especialmente por escribir en galego mentres que é o castelán o idioma de expresión das outras autoras. Tardiamente tamén Clara Corral e Constanza Vereza o utilizan. Aínda que a maioría das colaboracións son poéticas, hai tamén prosa. Analiza así mesmo a profesora López as diversas relacións, familiares ou de amizade, establecidas entre as escritoras, e os círculos sociais e literarios en que se movían. Completa o traballo unha pertinente bibliografía.

Baixo o título “O presidente da República que prologou as *Follas novas* de Rosalía. Notas a unha relación de Emilio Castelar coa cultura galega (Pardo Bazán vs. Murguía)” entréganos Xurxo Martínez González un traballo de carácter histórico que reviste o enorme atractivo de presentarnos a algúns dos principais persoeiros da época en que se creou unha parte esencial da nosa grande literatura, achegándonos algunhas das circunstancias que envolveron esa creación. Emilio Castelar –que fora anos antes, 1873-1874, Presidente da 1ª República Española–, non coñecía Galicia directamente cando escribe e envía o prólogo para as *Follas novas* de Rosalía de Castro. Tomando como base este prólogo, o autor entréganos un interesante traballo sobre as relacións de Emilio Castelar con Galicia. Fálanos, sempre con base documental, das dúas viaxes que fixo á nosa terra en 1883 e 1885, as súas estadias

nela e as relacións que mantivo con persoeiros galegos, especialmente políticos. Na primeira das viaxes Rosalía aínda vivía, pero non houbo encontro entre eles. A segunda realizouse con motivo dunha homenaxe fúnebre ofrecida en A Coruña á nosa autora pouco despois da súa morte, homenaxe que serviu de tribuna a Emilia Pardo Bazán para difundir as súas teses negativas en verbo da importancia da literatura de expresión galega e polo tanto da propia Rosalía. Murguía, que mantivo unha intensa polémica con Dona Emilia, non acudiu. Pero nesa xornada participou Emilio Castelar e a condesa aproveitou, segundo o autor deste traballo, para estreitar amizade con el e conseguir reforzos para a súa causa. Dona Emilia defendía a subordinación do galego ao castelán, considerándoo só apto para determinados rexistros literarios. E o mesmo pasaría a nivel político. En realidade o discurso literario da renacementa ten unha clara función política para conformar e propagar o ideario galego rexionalista fronte ao Estado. Pero para iso necesitábase textos precisos para ese fin e de sinalada calidade, como eran os de Rosalía. A postura da condesa de Pardo Bazán, compartida por Emilio Castelar –e outros persoeiros como Valera, co que Murguía tamén polemizou– negáballe o futuro á lingua galega ao negarlle a súa validez como lingua literaria. Emilio Castelar, que en 1880 lle dedicara palabras eloxiosas a *Follas novas*, en 1885 –cando xa aparecera o catalanismo político e existe a conciencia do uso político das linguas e literaturas diferentes do castelán– avala a postura descualificadora da obra de Rosalía expresada por Dona Emilia na velada necrolóxica.

No seguinte artigo, Victorino Pérez Prieto fálanos da presenza de Rosalía na obra de Uxío Novoneyra: “Uxío Novoneyra e Rosalía de Castro: xunguidos pola fala e a Terra. Dous textos inéditos de Novoneyra sobre Rosalía”. Como apertura do traballo delimita os puntos comúns a ambos poetas: o seu compromiso coa terra, co pobo e coa lingua. Tamén teñen en común o íntimo desacougo e a dor existencial que ambos manifestan claramente nas súas obras. Segue o traballo pasando xa ao labor concreto da análise textual dun poema e catro textos en prosa do poeta do Courel sobre Rosalía que Victorino Pérez toma dun traballo de Luís Cochón. O poema inicialmente chamábase “Verbas para Rosalía” e, desde a súa primeira redacción, probablemente en 1956, ata a súa derradeira edición, en 2010, sofre un forte proceso de estilización. Os catro textos en

prosa non se nos transmiten en versión completa, senón só as breves pasaxes dos mesmos que ao autor deste artigo lle interesa salientar e comentar brevemente. Continúa o traballo coa presentación de dous textos inéditos de Novoneyra. O primeiro son as notas manuscritas para unha conferencia sobre Rosalía que Pérez Prieto supón que se desenvolverían despois oralmente. O segundo é un texto mecanografiado do que só se presentan os parágrafos máis directamente relacionados con Rosalía, e nos que Novoneyra a compara con outras creadoras universais. Este artigo, que se completa coa bibliografía correspondente, vese enriquecido coa reprodución do texto manuscrito autógrafa da conferencia citada.

Raúl Veiga, pseudónimo de Manuel Castelao Mexuto, é o autor do guión de *Contou Rosalía*, produción audiovisual realizada por Zaza Ceballos e emitida no seu día pola TVG. Agora nos entrega comentarios sobre aquel labor creador arredor da figura de Rosalía, os presupostos en que se baseou e as dificultades que se lle presentaron para levalo a bo porto, no traballo titulado “Libremente Rosalía. A propósito do filme *Contou Rosalía*”. Nesta atractiva produción o que se pretende é mostrarnos á Rosalía que hoxe consideramos verdadeira, manifestada nas súas actitudes e palabras, despois das importantes investigacións que sobre a súa figura se produciron a finais do século XX e comezos do XXI. A delimitación temporal auto-imposta para adaptarse ás características dunha narración fílmica obriga a renuncias como a utilización de *Follas novas*, por exemplo. Fálanos Veiga da escaseza documental para facer unha narración biográfica sobre Rosalía, escaseza que procura paliar tomando como base importante parte da obra da autora, pois nela está o seu ser. Fíxase especialmente en *Flavio* e *El caballero de las botas azules*. Tamén nos fala das licencias poéticas que se tomou como autor do guión para conseguir a finalidade de presentarnos a esa Rosalía moderna e complexa, os seus intereses políticos e sociais, as súas amizades, a súa mensaxe. Esas licencias atinxen, entre outras, a adaptacións cronolóxicas da realidade histórica, pero non do pensamento que sobre ese devir histórico ten a parella protagonista, Rosalía e Murguía. Tamén nos fala Raúl Veiga da escolla lingüística, o galego como lingua normal de comunicación, e no seu rexistro culto, como corresponde ás personaxes que o empregan.

Na sección “Textos e Documentos” inclúense dous traballos. O primeiro deles é da autoría

de Xosé Luís Axeitos, “O editor Soto Freire, mediador necesario na *Historia de Galicia*”. Co apoio documental das cartas de Murguía editadas por el mesmo e mais por Xosé Ramón Barreiro, Axeitos fálanos da rede intelectual creada polo editor Soto Freire para auxilio de Murguía no seu labor de escribir a *Historia de Galicia*. A falta doutros documentos, son as cartas a fonte para obter informacións sobre o mundo da edición e distribución das obras. Entre 1864 e 1868, tempo en que Murguía elabora e publica os dous primeiros tomos da *Historia*, recibe 430 cartas, case un 30% do total da súa correspondencia ao longo de 67 anos. Esa obra imprímese nos talleres de Soto Freire en Lugo. Neses anos de intenso traballo e abondosa correspondencia, Soto Freire é un dos correspondentes destacados. Nas súas cartas refléxase o importante labor desempeñado polo editor, pero sobre todo nas cartas dirixidas a un grupo de intelectuais galegos en demanda de colaboración para o historiador. Soto Freire crea unha rede de información científica e consegue bibliografía actualizada para o estudoso. É unha función mediadora importantísima para o desenvolvemento da obra. Como exemplo das dificultades e complicacións que toda esta xestión supón, Axeitos publica dúas cartas de Víctor López Seoane de 1867 dirixidas a Soto Freire nas que este autor reclama os seus honorarios e se queixa do trato recibido por parte do editor e do historiador.

Na segunda contribución a esta sección, Pilar García Negro presenta, e reproduce a continuación, o que probablemente é o derradeiro traballo de Don Ricardo Carballo Calero, que une ademais a esa circunstancia o feito de xirar arredor dunha obra rosaliana: “Falta un capítulo en *El caballero de las botas azules*”. O artigo, aínda que publicado en 2001, foi entregado polo profesor Carballo en 1990, pouco antes da súa morte, á persoa que finalmente o publicou Luís García Soto. Nel o profesor analiza detalladamente a estrutura narrativa correspondente ao entorno da pasaxe que bota en falta: unha entrevista entre o Duque de la Gloria e Marcelina a poetisa crioula, e conclúe que ben por terse perdido, ben por nunca ser escrito, falta ese capítulo na novela, “un grave defeito técnico”.

No apartado da Revista dedicado a “Recensións” inclúese unha sobre a rigorosa e traballada edición de Anxo Angueira de *En las orillas del Sar*, que se acompaña dun longo e documentado estudo. A reseña foi preparada por Lydia Fontoira Suris.

Na sección dedicada a “Bibliografía”, os profesores Aurora López e Andrés Pociña na súa contribución “Rosalía de Castro nas obras de Ricardo Carballo Calero. Estudo bibliográfico” homenaxean a este profesor de tantas xeracións de galegos a quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas, homenaxe institucional que tardou trinta anos en chegar e do que é merecedor pola profundidade e amplitude da súa obra, e polo exemplar da súa traxectoria vital. Os profesores da Universidade de Granada recollen exhaustivamente a amplísima contribución de Carballo Calero ao estudo da obra de Rosalía e da súa figura. Divídeno o seu traballo nos seguintes apartados: Edicións de obras de Rosalía; Estudos xerais sobre Rosalía; Estudos biográficos; Estudos literarios, históricos, sociais; Estudos sobre as linguas de Rosalía; Influencias en Rosalía e de Rosalía; Versos de Carballo Calero dedicados a Rosalía; e Publicacións de tema vario. Cada apartado complementase cun axeitado comentario dos autores. Aínda que eles mesmos indican que poden faltar contribucións, en total son 95 as entradas bibliográficas. Con este traballo queda claro o interese e admiración de Don Ricardo pola nosa poeta maior.

Especialmente diverso e interesante é o apartado “Varia” deste número de *Follas Novas*. Son cinco as colaboracións que inclúe.

Marica Campo incide na homenaxe a Carballo Calero publicando un poema deste autor, quizais inédito ou pouco coñecido. Trátase dun soneto dedicado á filla de Ben Cho Shey con motivo da súa primeira comunión. É, pois, un poema de circunstancias, que forma parte dunha ofrenda lírica na que participan outras nove importantes firmas. Pero este soneto transcende a circunstancia e mostra no contido e desenvolvemento literario a calidade do seu autor. O tema é o do anxo, tan acaído para a ocasión, pero ao mesmo tempo tan querido para o autor. Marica Campo trasládanos o poema e fai un percorrido pola poesía de Carballo Calero analizando este tema e o seu significado.

Xosé Lois García publica o atractivo poema “Rosalía” –pertencente ao poemario *No imo do tempo*, de 2007, que parte duns versos das *Cantigas de Santa María* e no que a “Rosa das rosas” acaba sendo Rosalía.

Xosé Luís Méndez Ferrín preséntanos o seu traballo “Aberración ética e límite nas letras. O conto de Ardanlier e Liesa” unha fermosa tradución ao galego do texto de Juan Rodríguez de la Cámara o del Padrón que figura no título do artigo. Ese texto forma parte da obra

Siervo libre de amor, concretamente se insire na segunda parte da obra. Méndez Ferrín non só fai a tradución senón que adapta e actualiza estilisticamente o texto, e complementa este traballo cunhas interesantes reflexións que van desde posibles ou fabulosos datos biográficos do autor ata comentarios literarios sobre o texto estudado, que adxectiva de “fantasmagórico”. Para Ferrín esta noveliña inserida, situada en lugares identificables da terra padronesa, é unha parodia na que se ridiculiza a peregrinación e culto ao Apóstolo Santiago.

Na súa colaboración “Os astros son innúmeros (e agora hai un que se chama Rosalía)”, Martin Pawley transmítenos información concisa e clara sobre os prolegómenos e o desenvolvemento das accións, que nos conduciron a termos unha estrela no ceo chamada Rosalíadecastro que ten un planeta que agora se chama Ríosar. Tamén nos fai unha somera descrición de ambos. Foi a Agrupación Astronómica coruñesa Ío, da que Pawley é coordinador, a que puxo en pé e mobilizou a campaña que finalmente nos levou a ter esa honra, cando a Unión Astronómica Internacional, para celebrar o seu centenario, deu a oportunidade a 112 países de darlle nome a unha estrela.

Margarita Viso en “Has de cantar” preséntanos, acompañado dun brevísimo exordio, o texto musical, inédito, para voz, óboe e piano dese poema con que se abre *Cantares gallegos*. A música é de Juan Pérez Berná.

Remata a publicación co apartado “Casa de Rosalía” no que se integran dúas breves colaboracións; un texto de Manuel Lorenzo Baleirón, redactado con coitada e rica prosa, “‘De Padrón polos camiños’. Ruta Rosalía de Castro” no que escolle, describe e integra na vida e na obra do poeta un percorrido por lugares rosalianos das terras de Iria. E finalmente un texto de Anxo Angueira, Presidente da Fundación Rosalía de Castro, pon o ramo a este número, “Amigos da Casa de Rosalía, unha casa comunal”. Nel preséntanos a campaña que lanza a Fundación co ánimo de achegar patrocinadores (amigos, protectores, mecenas) a fin de reafirmar a independencia económica da entidade, tan querida para a cultura galega.

Creo que a Revista vai consolidando o seu camiño, e cada número nos fai unha oferta moi boa de traballos que paga a pena ler devagar e recrearse neles. Parabéns.

Lydia Fontoira Suris.
lydia.fontoira@gmail.com